

Anuncio

O Pleno desta Corporación en sesión de data 16 de marzo de 2013 aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles.

Unha vez transcorrido o prazo de exposición ao público, sen que durante o mesmo se presentase reclamación algúnhia, o acordo provisional adquiere carácter definitivo e en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais faise público o acordo de aprobación e o seu texto íntegro da modificación para a súa entrada en vigor:

"3.- Proposta da alcaldía de aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles.-

Vista a proposta da alcaldía de data 11 de marzo de 2013, que literalmente transcrita di así:

"O Concello da Pastoriza asinou coa Consellería de Sanidade un convenio para a cesión da propiedade do centro de saúde da Pastoriza, do que é titular o Concello, ao Servizo Galego de Saúde para que este asuma os gastos de mantemento do dito centro.

A cláusula cuarta do Convenio establece como requisito para a cesión o compromiso do Concello para regular nas súas ordenanzas fiscais a exención do imposto de bens inmobles do centro de saúde e da parcela onde se sitúa.

Á vista de todo o anterior, co fin de cumplir a obriga prevista na cláusula 4 do convenio e facer posible a cesión do centro de saúde ao Servizo Galego de Saúde, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 3 "Exencions" da vixente ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles deste Concello que quedará redactado nos seguintes termos.

"Artigo 3º.-Exencions.-

Ademais das exencions directas aplicadas de oficio como as de carácter rogado comprendidas no artigo 62 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004, en virtude do disposto nos apartados 3 e 4 do mesmo artigo, quedarán exentos:

- a) Os bens inmobles de natureza urbana cuxa cota líquida sexa inferior a seis euros.
- b) Os bens de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a seis euros.
- c) Os bens dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles para que se podan presentar alegacions e susxestions que se estimen oportunas e que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro.- De non producirse alegacions no prazo sinalado, segundo dispón o artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, a modificación da ordenanza considerarase definitivamente aprobada e entrará en vigor trala publicación no Boletín Oficial da Provincia do seu texto íntegro, comezando a aplicarse a partir do un de xaneiro de 2014."

A corporación, por unanimidade e en votación ordinaria, acordou aprobar a proposta da alcaldía anteriormente transcrita nos seus propios termos."

Contra dito acordo e a ordenanza aprobada poderase interpoñer, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que contará dende o día seguinte ao da presente publicación.

A Pastoriza, 23 de maio de 2013.- O Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 2159